

COMUNICADO DA AGAMFEC

A Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (Agamfec), que representa a máis de 900 profesionais de medicina de Atención Primaria de Galicia, maioritaria no sector e pioneira na defensa da Atención Primaria de saúde e da calidade científica e humana dos médicos de familia, quere manifestar e denunciar ante a opinión pública o menosprezo da Consellería de Sanidade cara á formación dos seus médicos de Atención Primaria manifestada polos seguintes feitos:

-Na recente convocatoria da Oferta Pública de Emprego (OPE), en contra do manifestado, desvirtúase a formación especializada no MIR, equiparándoa a cursos de formación que en moitas ocasións son ofertados sen control de calidade nin de asistencia. A máxima puntuación obtida polos devanditos cursos realizables en varias semanas é de 10,5 puntos fronte aos 11 dunha especialidade de 4 anos no sistema MIR que dende tódolos ámbitos científicos é considerada como unha das grandes excelencias do sistema sanitario español (agás a nosa consellería, polo visto).

-O decreto de Carreira profesional aprobado pola nosa administración non conta como experiencia profesional o tempo de residencia da especialidade na que, por suposto, ademais de formarnos como médicos, realizamos traballo asistencial en plantas, consultas e urxencias, sendo recoñecido por tódolos estamentos sanitarios (agás a nosa consellería) como un colectivo que achega un grande dinamismo á asistencia sanitaria. A cuestión é tan disparatada que a un médico en exercicio valoraselle, sen embargo, a actividade profesional desenvolvida como celador, por exemplo, pero non a súa etapa de formación como médico residente.

Dende Agamfec non queremos defender ningún tipo de prebendas ou cuestións persoais; defendemos sempre e seguiremos defendendo a FORMACIÓN ESPECIALIZADA, con maiúsculas, como a garantía dunha atención sanitaria de calidade e que a saúde dos cidadáns, o noso obxectivo último, estea en mans dos máis cualificados. Esta actitude da consellería defraúdanos absolutamente e fainos reformularnos seriamente a colaboración con ela, que ata a actualidade fora totalmente desinteresada e nos fai pensar que as palabras en boca da administración defendendo a formación e a excelencia dos seus profesionais son baleiras e de cara á galería.